



FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2022 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

1. Polo Decreto 451/2003, de 26 de decembro, creouse a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX) que ten por obxecto desenvolver actividades relacionadas coa medicina molecular entendida como coñecemento sobre os xenes humanos, na que conflúen varias disciplinas das ciencias da saúde, xerado a partir da incorporación das distintas técnicas moleculares consecuencia dos avances nas áreas da xenética humana, a biotecnoloxía, a terapia xénica, a farmacoxenética ou inmunoloxía molecular, así como o coñecemento e as aplicacións derivadas do proxecto Xenoma Humano.

O citado Decreto tamén recolle que todas as actividades que constitúan o obxecto fundacional se desenvolverán con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, no ámbito das súas competencias.

2. O Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización contempla, no seu ANEXO III, a Carteira de Servizos Comúns de Atención Especializada. O parágrafo 5.3.10 recolle que dentro do ámbito da atención especializada prevese a atención aos pacientes e familiares na área xenética que comprenderá o consello xenético e as análises xenéticas. Tamén se prevé que os equipos que realicen estas actividades terán como apoio as normas de organización, funcionamento e réxime dos Servizos de Saúde.

3. A Lei 14/2007, do 3 de xullo, de Investigación Biomédica establece o marco xurídico no que deben realizarse as análises xenéticas con calquera finalidade, incluída a diagnóstica. No seu Título V regula, entre outras materias relacionadas coa investigación biomédica, a realización de análises xenéticas que son definidas, no seu artigo 3. a) como un procedemento destinado a detectar a presenza, ausencia ou variantes dun ou varios segmentos de material xenético, o que inclúe as probas indirectas para detectar un produto xénico ou un metabolito específico que sexa indicativo ante todo dun cambio xenético determinado.

En relación ás probas xenéticas a Lei 14/2007, do 3 de xullo, prescribe, no seu artigo 46, que se realizarán para a identificación do estado do afectado, de non afectado ou de portador dunha variante xenética que poida predispoñer ao desenvolvemento dunha enfermidade específica dun individuo, ou a condicionar a súa resposta a un tratamento concreto. Deste xeito, deben solicitarse dentro do ámbito sanitario como parte dun proceso diagnóstico ou predictivo e han de ter un claro beneficio para o paciente; así mesmo, segundo o parágrafo 5.3.10.4 do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, a súa indicación debe vencellarse sistematicamente ao consello xenético. Ademais, na súa realización debe cumprirse coas garantías que prevé a citada Lei 14/2007, do 3 de xullo, en

relación á información previa, ao consentimento, ao dereito a información e ao dereito a non ser informado e ao consello xenético, que debe estar garantido durante todo o proceso de realización dun test xenético. A Lei 14/2007 recolle no seu artigo 55 que cando se leve a cabo unha análise xenética, con fins sanitarios, será preciso garantir ao interesado un asesoramento xenético apropiado, na forma que regulamentariamente se determine, respectando en todo caso o criterio da persoa interesada. Doutra banda prevese que as probas deben realizarse en centros acreditados e por persoal cualificado e regúlase o acceso aos datos por persoal sanitario e a confidencialidade.

4. A administración sanitaria, dadas as características particulares destas determinacións, debe garantir os mellores resultados fiables así como a súa ordenación no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

5. A Instrución 8/2018 da Xerencia do SERGAS, de Ordenación das probas das análises xenéticas no ámbito do Servizo Galego de Saúde, ten por obxecto ordenar a realización das probas e análises xenéticas (excluídas en tumores sólidos) aplicadas á asistencia sanitaria dos pacientes do devandito ámbito. Os centros SERGAS deberán solicitalas á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, entre outros.

Misión da Fundación

A Fundación ten por misión a realización de actividades de promoción e protección da saúde dos galegos -garantindo o acceso en condicións de equidade a probas xenómicas que sexan de utilidade-, e tamén ser instrumento de apoio á atención sanitaria pública a través do uso de soportes tecnolóxicos para atender á crecente importancia da medicina xenómica no diagnóstico e tratamento de múltiples enfermidades, especialmente nas relacionadas coa herdanza xenética e o cancro.

Segundo dispón o Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, da Consellería de Sanidade, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, a Fundación figura inscrita no Rexistro co número C-15-001208 (oferta asistencial: U.78 – XENÉTICA).

Referir o papel da xenética como gran protagonista na medicina actual ao tempo que se constata a transversalidade da visión global do xenoma.

A secuenciación do xenoma humano permitiu coñecer os fundamentos xenéticos e moleculares das enfermidades e desenvolver as tecnoloxías que posibilitan deseñar tanto diagnósticos coma estratexias terapéuticas e preventivas máis precisas. O compoñente xenético do paciente é unha das bases para o diagnóstico, prognóstico ou a predición de resposta a fármacos.

O grao de complexidade que acompaña aos avances case continuos da xenética está a provocar un grande impacto na saúde. A Fundación impulsa e traslada a aplicación des-

tes cambios á sanidade galega mediante o acceso a recursos tecnolóxicos centralizados e a especialización dos seus profesionais. Asemade trata de facer accesible o coñecemento xenético máis actualizado á sociedade en xeral e ao profesional médico en particular.

Baseado no exposto, a FPGMX ofrece os seus servizos actualizando e producindo coñecemento, innovando e asegurando a calidade dos seus procesos analíticos, co selo da ética e a humanidade. A súa carteira de servizos debe ser un instrumento que facilite a accesibilidade a unha atención de calidade, a persoas e familias con enfermidades de base xenética ou con risco de padecelas no conxunto do sistema galego público de saúde.

No exercicio 2021 o Sergas asinou coa Fundación un acordo para a transferencia de financiamento polos servizos prestados.

No exercicio 2022 prevese establecer o marco de relacións entre a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e o Servizo Galego de Saúde e, polo tanto, os compromisos de cada parte para a consecución da misión da entidade.

A FPGMX comprométese a ofrecer rutas asistenciais, no marco da política de cohesión do Servizo Galego de Saúde, que aseguren un acceso ao diagnóstico xenético dos pacientes e/ou familias con sospeita de enfermidade de base xenética co fin de que este sexa efectivo e áxil, en condicións de equidade e calidade científico-técnica e, segundo criterios de:

- Accesibilidade: facilitando e garantindo en cada momento a recepción de todas as demandas, e a resposta ponderada en función dos recursos dispoñibles.
- Equidade: asignando a resposta atendendo a criterios de urxencia/gravidade e de optimización de recursos.
- Universalidade: dando resposta ás necesidades das persoas e familias con enfermidades de base xenética ou con risco de padecelas no conxunto do Servizo Galego de Saúde e proporcionando os servizos que cumpran as esixencias legais e/ou regulamentarias aplicables.
- Calidade: potenciando a eficacia dos recursos humanos e tecnolóxicos da Fundación para asegurar unha resposta de calidade nos produtos e/ou servizos.
- Homoxeneización/Coordinación: proporcionando unha atención integral aos pacientes segundo protocolos de coordinación cos recursos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, impulsando as unidades multidisciplinares con profesionais de distintas especialidades e, tomando como base a homoxeneización de procesos mediante a protocolización e a integración en rede co resto da estrutura sanitaria.

A atención aos pacientes e familiares no área de xenética incluirá:

- A diagnose de enfermidades ou trastornos de base xenética, mediante a integración da información clínica persoal e familiar e a obtida tras a realización dos estudos xenéticos.
- A transmisión de información, de forma clara e comprensible, sobre o risco de recorrencia da enfermidade ou trastorno, as consecuencias para o paciente e a súa descendencia e as posibilidades de prevención pre e postnatal.
- A derivación das persoas e familiares aos distintos profesionais especializados ou grupos de apoio necesarios para o manexo axeitado de cada situación.

Os servizos prestaranse de acordo ás peticións de análises xenéticas procedentes da atención sanitaria dos Centros do SERGAS así como ás dos pacientes SERGAS que son atendidos no centro hospitalario POVISA, garantindo o acceso universal.

A carteira da prestación de servizos responde ás seguintes determinacións:

a) Análises xenéticas diagnósticas:

- Detección de anomalías no material xenético con fins diagnósticos en pacientes con signos ou síntomas de calquera enfermidade ou trastorno xenético.

b) Análises xenéticas presintomáticas:

- Detección de anomalías no material xenético en persoas asintomáticas que permitan determinar o risco a desenvolver unha determinada enfermidade.

c) Análises xenéticas de portadores:

- Detección de anomalías coñecidas no material xenético de persoas con risco elevado de ser portador dunha determinada enfermidade ou trastorno xenético.

d) Análises xenéticas para diagnose prenatal:

- Detección de anomalías coñecidas no material xenético de fetos con risco elevado de ser portador dunha determinada enfermidade ou trastorno xenético.

- Diagnóstico de anomalías cromosómicas no material xenético de fetos en embarazos con risco.

e) Análises xenéticas para test prenatal non invasivo:

- Cribado de aneuploidías no material xenético do feto, obtido a partires do sangue materno de muller xestante.

f) Análises para diagnose xenética preimplantacional (DGP):

- Identificación dos preembrions non afectos e que serán transferidos mediante técnicas de reprodución humana asistida. Realízase en preembrions con alto risco de padecer enfermidades ou trastornos de base xenética grave, de aparición precoz e non susceptible de tratamento curativo ao abeiro dos coñecementos científicos actuais.

g) Análises farmacoxenéticas e farmacoxenómicas en liña xerminal:

- Detección de variacións no material xenético en pacientes a tratamento ou candidatos a tratamento con calquera fármaco incluído na prestación farmacéutica de SNS cuxa ficha técnica inclúa como necesario ou aconsellable a análise xenética.

h) Análises xenéticas en onco-hematoloxía:

- Detección de anomalías xenéticas somáticas en pacientes con signos ou síntomas de enfermidades onco-hematolóxicas sempre que a relación causal entre os mesmos e a enfermidade teña validez analítica e clínica sustentada en evidencia científica e que poidan ser identificadas mediante cariotipo de células tumorais ou técnicas moleculares.

i) Asesoramento xenético:

- Información á persoa sobre as posibles consecuencias para ela ou a súa descendencia dos resultados dunha análise ou cribados xenéticos, as súas vantaxes e riscos e, no seu caso, o asesoramento en relación coas posibles alternativas derivadas da análise. Ten lugar antes e despois da proba ou cribado e incluso en ausencia dos mesmos. A transmisión da información do estudo xenético implica adecuala ao nivel de comprensión do paciente, especialmente en situacións complexas como a existencia de achados incidentais ou a presenza de variacións con significado clínico incerto.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
E2	Benestar das persoas/familias e Cohesión Social

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E2	PA 21	Sistema Sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública

O orzamento da Fundación para 2022 vai orientado a desenvolver as liñas de actuación e directrices do Plan estratéxico de Galicia, profundando na innovación e no coñecemento como vía de desenvolvemento (de acordo co marco orzamentario 2022 reflectido na Orde do 22 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022).

A prioridade de actuación é a de garantir os medios e o persoal precisos para prestar un servizo público de calidade no eido sanitario ao tempo de mellorar a eficiencia do gasto respecto dos fondos públicos vencellados.

A partires das competencias da Fundación ao abeiro da Instrución 8/2018 do Servizo Galego de Saúde e, tendo en conta os obxectivos acadados no período 2020-2021, establécese como liña de actuación estratéxica, a seguinte:

- Promover e xestionar a atención integral dos usuarios SERGAS segundo as súas necesidades no eido da medicina xenómica.

Como obxectivos estratéxicos da FPGMX sinalar:

I. Recursos e Actividade: Satisfacción da demanda asistencial para a realización de probas xenéticas no SERGAS.

Ser un modelo de práctica clínica orientado ás persoas.

II. Calidade: Compromiso coa calidade e mellora continua.

Introducir estándares de calidade e de xeneralización de boas prácticas (estandarización, xeración de información de calidade, formación e asesoramento).

III. Sistemas de Información: Implantación, integración e coordinación cos sistemas programa da información do SERGAS.

Procurar o desenvolvemento dun modelo sostible das tecnoloxías e a información así como a súa inclusión e integración axeitada no sistema sanitario galego.

IV. Visibilidade da FPGMX.

Implantar estratexias de comunicación relacionadas cos obxectivos institucionais.

V. Xestión do coñecemento, investigación e innovación.

Compartir a información, as experiencias e os coñecementos individuais e colectivos referindo o importante papel da investigación básica e clínica no eido das ciencias da saúde e cun carácter translacional á práctica asistencial neste senso.

VI. Xestión eficiente dos recursos: persoas, tecnoloxía e outros.

Xestionar os recursos e capacidades existentes (infraestruturas de secuenciación masiva, análise de grandes volumes de datos, estandarización e interoperabilidade,...) para dar resposta ás necesidades da medicina xenómica no Sistema Público de Saúde.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2022	2023	2024
OE.2.1.02	Promover e xestionar a atención integral dos usuarios SERGAS segundo as súas necesidades no eido da medicina xenómica.	7.188.896	7.027.015	7.040.128
TOTAL		7.188.896	7.027.015	7.040.128

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2022	2023	2024
Opx	Xestionar, impulsar e contribuir á mellora no acceso á medicina xenómica de persoas e/ou familias afectadas ou con sospeita de padecer enfermidades de base xenética	7.188.896	7.027.015	7.040.128
TOTAL		7.188.896	7.027.015	7.040.128

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2022	2023	2024	UNIDADES
I.A.	Estudos incorporados carteira de servizos	3	3	3	Estudo novo
I.B.	Consolidación asesoramento xenético	35	40	40	Sesión asesoramento
I.C.	Nº casos RERGA	300	300	300	Diagnóstico xenético confirmado
II.A	Participación programas externos calidade	16	16	16	Programa
II.B	Fomento cultura da calidade	2	2	2	Actividade
II.C	Novas guías a profesionais	2	2	2	Documento
III	Plan de Sistemas de Información (execución)	1	1	1	Plan
IV	Programa visibilización FPGMX	1	1	1	Programa
V.A	Accións de información aos cidadáns	2	2	2	Acción
V.B	Difusión avances científicos (participación)	5	5	5	Actividade difusión med. xenómica
V.C	Desenvolvemento accións de formación	2	2	2	Actividade formativa
V.D	Accións de colaboración con institucións/centros	2	2	2	Acción colaborativa
V.E.1	Proxectos investigación concedidos	3	3	3	Proxecto investigación púb/priv
V.E.2	Publicacións indexadas investigación	30	35	35	Publicación
VI.A.	Estudos xenéticos realizados aos centros SERGAS	33.600	33.600	34.150	Estudo xenético segundo técnica

OBXECTIVOS OPERATIVOS:

I. Recursos e Actividade:

I. A. Continuar adaptando a carteira de servizos da Fundación ás necesidades da actividade asistencial e de acordo ás seguintes liñas de actuación:

- Diagnóstico xenético molecular de alteracións hereditarias (en fase de gran expansión a secuenciación de nova xeración -paneis e exomas-).
- Diagnóstico prenatal (dirixida á Área Sanitaria de Santiago e Barbanza).
- Análises xenéticas para test prenatal non invasivo (actividade implantada pola FPG-MX no 2021 para a rede pública galega).
- Diagnóstico xenético para alteracións en células somáticas (actividade que require dun tempo de resposta moi curto).
- Farmacoxenética (fase de consolidación).

I. B. Consolidar a implantación da sistemática para satisfacer a crecente demanda de asesoramento xenético inherente á realización de probas xenéticas.

I. C. Continuar a colaboración co Rexistro Galego de Pacientes con Enfermidades Raras (RERGA).

II. Calidade:

II. A. Completar os cambios necesarios na organización e a implantación dos requirimentos de cara a acreditación baixo a "Norma ISO 15189 Laboratorios clínicos, requisitos particulares para a calidade e competencia".

II. B. Impulsar actividades enfocadas a fomentar a cultura da calidade.

II. C. Elaborar guías, procedementos e recomendacións dirixidos aos profesionais, sobre a aplicación das técnicas e recursos de axuda a pacientes e ás súas familias.

III. Sistemas de Información:

III. A. Desenvolver o Plan de Sistemas de Información da FPGMX (en colaboración co SERGAS).

III. B. Completar a implantación da petición electrónica en todos os hospitais, mellorando a solicitude de probas diagnósticas, a trazabilidade e a comunicación cos solicitantes.

III. C. Mellorar a accesibilidade á información e a integración nos sistemas.

IV. Visibilidade:

IV.A. Realizar un programa de visibilización, para mellorar o nivel de coñecemento entre os profesionais do SERGAS así como establecer canles de comunicación mais fluídas.

V. Coñecemento, investigación e innovación:

V. A. Prover información e coñecementos aos cidadáns.

V. B. Continuar a difusión das actividades relacionadas coa xenómica, así como as actividades, programas, logros e avances, realizados pola Fundación.

V. C. Colaborar na formación dos profesionais no eido do diagnóstico xenético, a través de programas formativos.

V. D. Reforzar as relacións de colaboración con outros centros e institucións.

V.E. Continuar promovendo o desenvolvemento dunha medicina xenómica competitiva en Galicia e a súa integración nas redes nacionais e internacionais existentes, tanto no eido clínico coma no da investigación molecular.

VI. Xestión eficiente dos recursos:

VI.A Dar resposta ás necesidades da encomenda do Servizo Galego de Saúde segundo as condicións pactadas, xestionando os recursos persoais e tecnolóxicos dun xeito eficiente e respectando os indicadores de calidade na prestación dos servizos.

Indicadores asistenciais da calidade na prestación dos servizos (ratios):

- Porcentaxe de solicitudes que presentan incidencias na fase pre-analítica.
- Porcentaxe de informes corrixidos.
- Desempeño nos programas de avaliación externa da calidade.
- Grao de satisfacción coa consulta de asesoramento xenético.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2022	CONCELLO
PLATAFORMAS MEDICINA XENÓMICA; ACTUALIZACIÓN E AUTOMATIZACIÓN	2.012	2.023	2.909.013	36.000	SANTIAGO
		TOTAL	2.909.013	36.000	

A adecuación tecnolóxica da Fundación é un factor clave para a mellora continua na prestación dos seus servizos.

Mediante doazón da Fundación Amancio Ortega Gaona por importe de 1.200.000 € no exercicio 2021, a Fundación adquiriu un secuenciador de nova xeración que permite ampliar a capacidade existente para a secuenciación de paneis e exomas.

En liña coa renovación e actualización tecnolóxica referir para o exercicio 2022, dotación de equipamento de automatización.

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Santiago de Compostela	2.348.113	4.804.783	36.000
TOTAL	2.348.113	4.804.783	36.000

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2022	2023	2024
ACTIVIDADE ORDINARIA ASISTENCIAL	100.000	100.000	100.000
TOTAL	100.000	100.000	100.000

Referir como ingresos ordinarios estimados da actividade da Fundación, os derivados da prestación de servizos aos Servizos Públicos de Saúde doutras Comunidades Autónomas así como a calquera outra organización ou particular que o demande.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	5.819.264	4.522.368	7.000.000
TOTAL	5.819.264	4.522.368	7.000.000

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Subvencións Correntes Recibidas do Estado	177.823	132.616	151.893
Subvencións Correntes Recibidas da UE			
TOTAL	177.823	132.616	151.893

A prestación de servizos encomendada á FPGMX ao abeiro da Instrución 8/2018 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde está a artellarse nun instrumento xurídico que sustente un crecemento sostible cunha xestión eficiente dos recursos aportados.

O impacto da implantación da devandita Instrución unido ao avance científico da medicina xenómica no eido da Saúde, motivan un crecemento continuo da actividade da

Fundación, incremento reflectido para o exercicio 2022 na dotación de transferencias da Comunidade Autónoma á Fundación.

Cómpre referir no exercicio 2021 a Resolución do 8 de xuño de 2021 pola que se realizou publicidade da encomenda do Servizo Galego de Saúde á FPGMX para o desenvolvemento do Plan de implantación de farmacoxenómica en psiquiatría (incluído no Plan de saúde mental de Galicia posCOVID-19). A devandita encomenda está dotada con 33.900 €.

No marco do Estado as subvencións recibidas vencéllanse ao desenvolvemento, entre outros, de convenios de colaboración, proxectos de investigación así como á contratación de persoal laboral investigador.

Doutra banda, referir as doazóns recibidas pola FPGMX nos exercicios 2020-2021 procedentes dun particular (500 € no 2021) e do Banco Santander (2020-2021: 100.000 €) co obxectivo de contribuír á búsqueda de determinantes xenéticos e biomarcadores xenómicos de risco que poidan predispoñer a unha infección máis grave polo COVID-19.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Nº Empregados	46,95	53	56
Custo Total	1.676.980,52	1.818.185,7	2.348.112,6
Custo Medio	35.718,43	34.305,39	41.930,58

Iniciada a negociación colectiva en materia de aplicación de convenio colectivo ao persoal laboral da Fundación en 2021, dótase na partida de gasto de persoal do exercicio 2022 o impacto cuantitativo da adaptación estimada no referido tanto ás retribucións coma ao recoñecemento da antigüidade dos traballadores/as da FPGMX.

Doutra banda, dada a expansión constante da actividade, prevese a incorporación de novos efectivos que permitan dar unha resposta axeitada á demanda dos centros hospitalarios SERGAS.

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
1. Reparacións, conservación, mantemento e uso instalacións	299.697	379.897	379.897	379.897	379.897
2. Servizo Profesionais Independentes	91.347	91.347	91.347	91.347	91.347
3. Transportes	130.929	136.572	163.886	163.886	163.886
4. Primas de Seguros	6.441	6.441	6.442	6.442	6.442

DESCRIPCIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
5. Outros Servizo Exteriores	369.173	85.164	84.534	84.534	84.534
TOTAL	897.587	699.421	726.106	726.106	726.106

Pola propia natureza da actividade da Fundación os servizos exteriores cun maior impacto cuantitativo corresponden a: mantemento preventivo/correctivo do equipamento, uso das instalacións e transporte de mostras desde os centros hospitalarios da rede pública galega á FPGMX.

Amortización

DESCRIPCIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
DOTACIÓN AMORT.INMOB.INTANXIBLE	21.744	18.954	10.702
DOTACIÓN AMORT.INMOB.TANXIBLE	193.265	234.850	431.645
TOTAL	215.009	253.804	442.347

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓN DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN -gAIN			36.000
TOTAL	0	0	36.000

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Subvencións de Capital Recibidas do Estado	148.981		
Subvencións de Capital Recibidas da UE			
TOTAL	148.981	0	0

A adecuación tecnolóxica da Fundación é un factor clave para a mellora continua na prestación dos servizos.

O orzamento 2022 contempla unha subvención de capital por importe de 36.000, transferencia con orixe na Axencia Galega de Innovación para o desenvolvemento de accións de I+D+i.

No exercicio 2020 recibíuse do Estado subvención de capital por importe de 148.981 € pola dotación de equipamento (un sonificador).

Cómpre referir neste eido a doazón (1.200.000 €) recibida da Fundación Amancio Ortega Gaona no exercicio 2021 para a adquisición dun secuenciador e o seu sistema de análise, permitindo a ampliación da capacidade da FPGMX na secuenciación de nova xeración.

Financiamento alleo a longo prazo

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Préstamos e Créditos do Estado	27.346	21.886	16.422
TOTAL	27.346	21.886	16.422

Remanente de Tesourería

	2020	2021
1. Fondos líquidos	1.749.295	518.627
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	3.841.820	3.662.878
Do orzamento corrente	3.803.159	5.000
De orzamentos pechados	0	3.621.889
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	38.661	35.989
3. Obrigas pendentes de pago (-)	265.955	275.460
Do orzamento corrente		5.460
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	265.955	270.000
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	5.325.160	3.906.045
II. Exceso de financiamento afectado	336.337	207.458
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	4.988.823	3.698.587

APLICACIÓN

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
INMOBILIZADO INTANXIBLE	1.365	0	0
INMOBILIZADO TANXIBLE	240.994	1.414.397	36.000
TOTAL	242.359	1.414.397	36.000

A achega da Axencia Galega de Innovación por importe de 36.000 € aplicarase na adquisición de equipamento que permita dar continuidade á automatización das plataformas técnicas da Fundación.

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

○ financiamento das necesidades de explotación provén das transferencias SERGAS correspondentes a cada centro hospitalario.

Polo que respecta ao financiamento dos investimentos referir a subvención de capital dotada pola Axencia Galega de Innovación e os recursos propios da Fundación.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.01

INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) Activo non corrente		478	1.639	1.233
I. Inmovilizado intanxible		35	16	6
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas		35	16	6
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmovilizado intanxible				
II. Bens do patrimonio histórico				
1. Bens inmoebles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens móbiles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmovilizado material		443	1.623	1.227
1. Terreos e construcións				
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material		443	1.623	1.227
3. Inmovilizado en curso e anticipos				
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente		5.639	4.349	4.329
I. Existencias				
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso				
4. Productos terminados				
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia		39	36	35
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar		3.803	3.627	3.626
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos				
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		3.803	3.627	3.626
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.01

INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	48	25	25
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	1.749	661	643
	1. Tesourería	1.749	661	643
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	6.118	5.988	5.562

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.02

INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) Patrimonio Neto		5.467	5.478	5.193
A-1) Fondos propios		5.235	4.187	4.187
I. Dotación fundacional/Fondo social		250	250	250
1. Dotación fundacional/Fondo social		250	250	250
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas		4.181	4.985	3.937
1. Estatutarias				
2. Outras reservas		4.181	4.985	3.937
III. Excedentes de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)				
IV. Excedente do exercicio		804	-1.048	
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		232	1.291	1.007
I. Subvencións		232	151	107
II. Doazóns e legados			1.140	900
B) Pasivo non corrente		48	32	22
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras provisións				
II. Débedas a longo prazo		48	32	22
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		48	32	22
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		602	477	346
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo		336	207	76
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		336	207	76
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores				
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		266	270	270
1. Proveedores		91	95	95
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		175	175	175
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas				
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		6.118	5.988	5.562

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.03

INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Ingresos da entidade pola actividade propia		6.074	4.782	7.152
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios				
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións				
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio		6.074	4.782	7.152
d) Reintegro de axudas e asignacións				
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil		69	110	100
3. Gasto por axudas e outros				
a) Axudas monetarias				
b) Axudas non monetarias				
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno				
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados				
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación				
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo				
6. Aprovisionamentos		-2.650	-3.302	-4.079
7. Outros ingresos de explotación		1	1	1
8. Gastos de persoal		-1.677	-1.818	-2.348
a) Soldos, salarios e asimilados		-1.257	-1.376	-1.857
b) Cargas sociais		-420	-442	-491
c) Provisións				
9. Outros gastos de explotación		-898	-699	-726
a) Servizos exteriores		-898	-699	-726
b) Tributos				
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais				
d) Outros gastos de xestión corrente				
10. Amortización do inmovilizado		-215	-254	-442
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio		102	141	342
12. Excesos de provisións				
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado				
a) Deterioros e perdas				
b) Resultado por alleamentos e outras				
14. diferenca negativa de combinacións de negocio				
15. Outros resultados				
Gastos excepcionales				
Ingresos excepcionales				
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)		807	-1.039	
16. Ingresos financeiros				1
a) De participación en instrumentos do patrimonio				
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros				1
17. Gastos financeiros		-3	-9	-1
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas				
b) Por débedas con terceiros.		-3	-9	-1
c) Por actualización de provisións				
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros				
19. Diferencias de cambio				
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros				
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro				
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro				
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)		-3	-9	
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		804	-1.048	
23. Imposto sobre beneficios				
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)		804	-1.048	
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO				
1. Subvencións recibidas		149		36

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.03

INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	2. Doazóns e legados recibidos		1.200	
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)	149	1.200	36
	C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO			
	1. Subvencións recibidas	-102	-81	-102
	2. Doazóns e legados recibidos		-60	-240
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)	-102	-141	-342
	D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)	47	1.059	-306
	E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO			
	F) AXUSTES POR ERROS			
	G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL			
	H) OUTRAS VARIACIÓN			
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	852	11	-306

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.04

INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	804	-1.048	
2. Axustes no resultado	116	122	100
a. Amortización do inmovilizado (+)	215	254	442
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)			
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			-1
h. Gastos financeiros (+)	3	9	1
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	-1.681	38	-140
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-1.560	179	2
c. Outros activos correntes (+/-)			
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	18	4	
e. Outros pasivos correntes (+/-)	-113	-129	-131
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)	-26	-16	-10
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-31	14	22
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)	-31	14	22
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-792	-874	-18
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-242	-1.414	-36
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)	-1		
c. Inmovilizado material (-)	-241	-1.414	-36
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-242	-1.414	-36
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	149	1.200	36
a. Aportacións a toción fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)	149	1.200	36
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.04

INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)	149	1.200	36
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	-886	-1.088	-18
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	2.635	1.749	661
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	1.749	661	643

